

# PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE DÚAS CÁMARAS, CONTROLADOR E LICENZAS PARA O PARLAMENTO

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>3</b>
<b>2</b>	<b>OBJECTIVOS</b>	<b>3</b>
<b>3</b>	<b>PROXECTO DE EXECUCIÓN. CARACTERÍSTICAS DA OFERTA</b>	<b>4</b>
<b>4</b>	<b>SUBMINISTRACIÓN</b>	<b>5</b>
4.1	SISTEMA DE CAPTACIÓN E PRODUCCIÓN DE IMAXES	5
4.2	SALA DE CONTROL	7
	4.2.1 <i>Control de realización</i>	7
4.3	PRAZO DE ENTREGA	7
4.4	INSTALACIÓN	7
4.5	GARANTÍA	8

Prego de prescricións técnicas para a  
subministración de dúas cámaras controlador e  
licenzas para o Parlamento de Galicia

**Código:**

PGO.STI.0008

**Versión** 1.4

**Data:** 16/07/2018

**Nivel:** EXT

## 1 INTRODUCCIÓN

---

- [1]. O Parlamento de Galicia (en diante, PG) ofrece aos seus usuarios unha serie de servizos de comunicacións vitais para a realización das súas tarefas diarias.
- [2]. Dada a importancia do acceso aos medios audiovisuais e dos cidadáns dende calquera lugar, no funcionamento diario do PG, a evolución de tales medios resulta de vital importancia para a institución, sendo pedra angular tanto para o traballo diario como para asegurar a transparencia das actividades desenvolvidas.
- [3]. O Parlamento de Galicia conta cun sistema de gravacións que permite a emisión en directo dos diferentes actos, comisións, plenos, etc. que se celebran a diario na Cámara. Así mesmo, conta con sistemas de catalogación e transcripción de vídeo.
- [4]. O equipamento físico que permite dotar a institución das ditas funcionalidades foise adquirindo en diferentes fases. A evolución da tecnoloxía fai preciso ter que actualizar o equipamento para adaptarse ás necesidades dos usuarios (megafonía, votacións, ...) ou ben para superar problemas relativos á descatalogación daquel (falta de repostos, imposibilidade de reparacións, ...)
- [5]. A evolución dos formatos audiovisuais fai que os principais consumidores do sinal audiovisual institucional do Parlamento de Galicia demanden a actualización dos formatos de emisión, eliminando as emisións en formato PAL ou 4:3 e evolucionando a emisións en formato HD e 16:9.

## 2 OBXECTIVOS

---

- [6]. O obxectivo do contrato é a renovación de parte do sistema de vídeo do pleno. Tamén se adquiriran os elementos necesarios para a súa inclusión nos sistemas de realización e control da Cámara, co obxecto de mellorar a cobertura da realización no hemiciclo do Parlamento de Galicia.
- [7]. O obxecto da contratación inclúe a subministración do hardware e software dun sistema audiovisual que permita gravar e difundir vía streaming as sesións e actos que se celebren no Parlamento de Galicia en formato 16:9 e HD. Así mesmo, forman parte do contrato os traballos de instalación, configuración, formación e posta en marcha. Tamén se incluírá o servizo de garantía de todo o equipamento hardware e software preciso para acadar unha solución completamente funcional.

[8]. A necesidade que se pretende satisfacer co contrato ten dúas vertentes principais:

- ▼ Operativa: existe un problema de obsolescencia tecnolóxica do material que se emprega para a realización e retransmisión das sesións do Pleno do Parlamento. Este material ten unha antigüidade superior aos 10 anos e non existen repostos del, polo que é difícil afrontar as súas reparacións.
- ▼ Funcional: existe unha demanda por parte dos medios de comunicación de actualización do formato audiovisual de emisión (HD e 16:9), de xeito que o sinal audiovisual poida ser empregado directamente nun formato non obsoleto. É dicir, o sinal que produce actualmente o Parlamento de Galicia ten un formato totalmente anacrónico.

[9]. Así pois, a necesidade que se pretende cubrir con esta contratación é, por unha banda, a renovación tecnolóxica parcial do equipamento audiovisual para contar con novo material con garantía e posibilidade de reposto; por outra banda, é preciso adaptar o formato de emisión e gravación a formatos máis actuais e reproducibles en diferentes tipos de dispositivos (ordenador, táboa dixital, teléfono intelixente, etc.)

### 3 PROXECTO DE EXECUCIÓN. CARACTERÍSTICAS DA OFERTA

---

[10]. Os licitadores presentarán a súa mellor oferta para a subministración de todos os equipos e debe ser única, sen alternativas nin variantes.

[11]. A proposta describirá a integración no sistema actual e as modificacións do software necesarias para a ampliación.

[12]. O sistema audiovisual resultante da subministración e a súa instalación deberá proporcionar as seguintes funcionalidades:

- ▼ Integración na plataforma de gravación, catalogación e arquivamento do audio e vídeo existente.
- ▼ Capacidade para retransmitir os actos da institución vía streaming por Internet.
- ▼ O controlador das cámaras deberá ser completamente compatible coas cámaras instaladas na sala D de comisións do Parlamento de Galicia Panasonic AW-HE120 HD, así como integrarse co sistema iBoss® de control que presta servizo no Parlamento. Tamén deberá xestionar as novas cámaras subministradas nesta licitación.

[13]. A plataforma audiovisual obtida será unha solución integral “chave en man”. Todos os subsistemas quedarán plenamente integrados e probados, e os licitadores deberán garantir a compatibilidade de todos os compoñentes propostos que o fan funcionar como un sistema. O alcance de subministración inclúe todo o material auxiliar necesario para pór en marcha os diferentes subsistemas, incluíndo cables, conectores, elementos de interconexión, etc. Os licitadores deberán incluír pola súa conta, e sen imputar custos a maiores ao PG, aquel material auxiliar que por erro ou omisión non se detallase neste PPT.

[14]. O adxudicatario, cos seus propios medios, será o encargado de levar a cabo a integración do material subministrado no contorno en produción no Parlamento de Galicia. Incluirá a montaxe e configuración de todas as cámaras e controladores. Tamén abordarán as obras necesarias na consola de control e operación.

[15]. As características técnicas descritas a continuación teñen a condición de mínimas.

## 4 SUBMINISTRACIÓN

### 4.1 Sistema de captación e produción de imaxes

[16]. O obxectivo da renovación do sistema de captación e produción de imaxes é a substitución de 2 cámaras do hemicyclo para dispor da posibilidade de retransmisión con calidade HD e en formato 16:9.

[17]. Na táboa seguinte recóllese o material que terá que achegar o adxudicatario.

[18].

Sistema de captación e produción de imaxes		
Cantidade	Elemento	Características
2	Cámaras	<p>Cámara color Full HD con Pan Tilt Zoom integrado saída de vídeo SDI, HDMI ou streaming IP (Full HD)</p> <p><b>Xeral:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Alimentación DC 12V e PoE+</li> </ul> <p><b>Saídas de vídeo:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>HDMI</li> <li>HD/SD SDI SMPTE424/SMPTE292/SMPTE259 Standard 75 (BNC×1)</li> <li>NTSC/PAL 1.0 V (BNC×1)</li> </ul> <p><b>Entrada/saída:</b></p>

Sistema de captación e produción de imaxes		
Cantidade	Elemento	Características
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Red (RJ45)</li> <li>• RS-422 (RJ45)</li> </ul> <p><b>Entrada de audio:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 3.5 mm stereo mini jack</li> </ul> <p><b>Sensor de imaxe:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1/2.86 Full-HD 3 MOS</li> </ul> <p><b>Lente:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• motorizada 20 zoom, F1.6 a F3.4, (f=4.5 mm a 90 mm; 35 mm equivalente: 32.13 mm a 642.5 mm)</li> <li>• Enfoque manual e automático</li> <li>• Iluminación mínima 2 lux</li> <li>• Selector de ganancia de 0 a 36dB</li> </ul> <p><b>Obturador:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 59.94p/59.94i: 1/100, 1/120, 1/250, 1/500, 1/1000, 1/2000, 1/4000, 1/10000</li> <li>• 29.97p: 1/30, 1/60, 1/120, 1/250, 1/500, 1/1000, 1/2000, 1/4000, 1/10000</li> <li>• 23.98p: 1/24, 1/60, 1/120, 1/250, 1/500, 1/1000, 1/2000, 1/4000, 1/10000</li> <li>• 50p/50i: 1/60, 1/120, 1/250, 1/500, 1/1000, 1/2000, 1/4000, 1/10000</li> <li>• 25p: 1/25, 1/60, 1/120, 1/250, 1/500, 1/1000, 1/2000, 1/4000, 1/10000</li> </ul> <p><b>Balancede brancos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• AWB A, AWB B, ATW, 3200K, 5600K, VAR (2000K to 15000K)</li> </ul> <p><b>Formatos de saída soportados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1080/59.94p, 1080/29.97p, 1080/23.98p, 1080/59.94i, 1080/29.97PsF, 1080/23.98PsF, 720/59.94p, 480/59.94p(i), 1080/50p, 1080/25p, 1080/50i, 80/25PsF, 720/50p, 576/50p(i)</li> </ul> <p><b>Sistema de sincronización:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sincronización interna / externa (BBS / Sincronización de tres niveis)</li> </ul> <p><b>Control dos movementos da cámara:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• mediante conexión IP ou RS-422A, protocolo AW</li> </ul> <p><b>Velocidade de operación de inclinación horizontal:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 0.08°/s to 60°/s</li> </ul> <p><b>Graos de panorámica:</b> ±175°</p> <p><b>Rango de inclinación:</b> -30° ata 210°</p> <p><b>Soporte de montaxe en parede incluído</b></p> <p><b>Alimentador de corrente alterna incluído</b></p>
2	Licenzas conexión	Licenzas para a interconexión e control das cámaras dende o sistema de control centralizado iBoss®

## 4.2 Sala de control

### 4.2.1 Control de realización

[19]. A actualización dos compoñentes do sistema de captación e produción de imaxes implica a necesidade da actualización de diversos compoñentes na sala de control, os cales se relacionan a seguir.

Control de realización	
Cantidade	Elemento
1	<p>Panel de control para ata 100 cámaras vía IP</p> <p>Controlador remoto de cámara, para o control das cámaras do hemicycle.</p> <p><b>Protocolos soportados:</b> IPv4, RS-422</p> <p><b>Conexión:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• serie Até 5 cámaras, IP Até 100 cámaras (Até 100 cando se usan Serial e IP xuntos)</li> </ul> <p><b>Funcións de axuste:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pan/Tilt, Zoom, Enfoque, Iris, Ganancia, Pedestal, Obturador, Detalle, Balance de brancos (Auto, Ganancia R/B), Balance Negro (Auto, Pedestal R/B), Cambiar arquivos de escena</li> </ul> <p><b>Preaxustes de memoria:</b> Ata 100 memorias de posición e 10 memorias de ruta</p>

## 4.3 Prazo de entrega

[20]. O adxudicatario entregará a subministración no PG no prazo máximo de 45 días dende a sinatura de aceptación polo contratista da resolución da adxudicación. O prazo máximo para a instalación, configuración e posta en servizo dos equipos será de 15 días desde a súa entrega.

## 4.4 Instalación

[21]. O adxudicatario realizará a instalación e a configuración de todo o hardware e software necesarios para acadar unha configuración completa do sistema, que incluírá a montaxe de cada un dos compoñentes que conformen o sistema.

[22]. O adxudicatario subministrará a documentación técnica de como fixo a instalación. Esta documentación debe permitir a configuración desde cero de todo o sistema, non entendéndoa completa noutro caso.

[23]. Ao rematar a instalación da totalidade do equipamento ofertado, a empresa adxudicataria presentará unha relación pormenorizada do equipo instalado, con indicación expresa da garantía e dos números de serie.

#### 4.5 **Garantía**

---

[24]. Durante o prazo establecido de garantía o contratista deberá repoñer calquera elemento que forme parte do equipo subministrado que presente irregularidades de funcionamento imputables a defectos de fabricación, instalación ou configuración inicial. O **prazo de garantía mínimo será de 4 anos**, in situ para todos os materiais hardware.

[25]. O tempo máximo de resolución de problemas será de 24 horas no caso de degradación do sistema, todos os días laborables do ano. O horario de atención será de 9 a 14 horas e de 16 a 19 horas todos os días laborables. O tempo de resposta debe ser inmediato.

[26]. Os licitadores indicarán nas súas ofertas os medios que se empregarán para a prestación da garantía (teléfono, correo electrónico, portal web, etc.)

[27]. Enténdense por tempo de resolución o tempo que transcorre desde a notificación por parte do STI á empresa adxudicataria da incidencia, ata que a incidencia queda resolta a satisfacción do PG. O peche das incidencias no caso de degradación do sistema non deberá superar as 72 horas, e 24 horas no caso de interrupción completa do servizo.

[28]. Na oferta indicárase o persoal que dará cumprimento á garantía. Ademais, as propostas deberán recoller unha descrición do servizo que van prestar en caso de notificárselles unha incidencia:

- ▼ Asistencia remota durante o horario laboral local
- ▼ Opcións de servizos de man de obra e pezas, incluída asistencia só para pezas
- ▼ Servizo in situ ao seguinte día laborable tras o diagnóstico remoto